

**AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

## Grao en Filoloxía Clásica

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - [Dimensión 2. Recursos](#)
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - [Dimensión 3. Resultados](#)
    - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

## Grao en Filoloxía Clásica

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Filoloxía Clásica
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Data renovación acreditación	28/11/2023

# Grao en Filoloxía Clásica

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Grao en Filoloxía Clásica é titulación única e singular no Sistema Universitario de Galicia, que atende ao importante e imprescindible ámbito dos estudos clásicos. Mantén o seu interese académico, dado que é un título de referencia na Comunidade de Galicia que contribúe ao necesario desenvolvemento dos estudos de Filoloxía, en particular, e de Humanidades, en xeral.

De acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior ([MECES; BOE-A-2011-13317](#)) o Grao en Filoloxía Clásica garante que os estudantes desenvolvan e adquiren as competencias necesarias, que con carácter xeral son as seguintes:

1. Adquisición e comprensión de coñecementos, métodos científicos e recursos de análise para (a) o estudo avanzado lingüístico e literario do grego clásico e do latín, así coma dos seus antecedentes indoeuropeos; (b) o estudo básico/medio dunha terceira lingua e a súa literatura.
2. Habilidades para aplicar eses coñecementos e métodos para recoñecer, identificar e resolver problemas tanto no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios como no seu ámbito profesional: Estudo e docencia de linguas, asesoría e corrección lingüística, mediación comunicativa, tradución, actividades editoriais etc.
3. Capacidade para aplicar o razoamento inductivo e deductivo, ao combinar a análise ca argumentación teórica.
5. Capacidade de abstracción, síntese e análise, para extraer xeneralizacións a partir da descripción de datos.
6. Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e a literatura clásicas a un público especializado e non especializado.
7. Dominio da expresión oral e escrita, na lingua materna e noutras linguas, en distintos contextos.
8. Habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais.
9. Habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais e multilingües.
10. Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.

O plan de estudos véñse desenvolvendo conforme a memoria verificada sen incidencias que causasen perturbacións dignas de mención. A formación no Grado vaise actualizando segundo os requisitos do correspondente ámbito académico, científico e profesional. Todo iso permite que os egresados e egresadas da titulación finalicen a súa formación en estudos clásicos con capacidade para abordar satisfactoriamente estudos de mestrado, tanto profesionalizantes, principalmente no ámbito da docencia en secundaria e bacharelato, como de investigación en ámbitos diversos. A súa formación permíttelles acceder a mestrados de ámbitos de coñecemento varios (Filoloxía, Lingüística, Teoría da Literatura, Historia, Arquivos e Bibliotecas, Humanidades Dixitais, ...) o que posibilita tamén diversas posibilidades laborais distintas da docencia e a investigación no ámbito de actividades editoriais, medios de comunicación, industrias da lingua, actividades turístico-culturais, traballo autónomo de creación de discursos, postos na administración pública, humanidades dixitais etc. Sirva de

## Grao en Filloxía Clásica

exemplo que nos últimos tres cursos foron convocadas oposicións a prazas de profesorado de latín e grego na Comunidade de Galicia para o ensino secundario e de bacharelato e unha boa parte dos estudantes graduados no título obtivo esas prazas. Outra parte obtivo tamén prazas nas convocatorias doutras Comunidades Autónomas de España, dando resposta a unha demanda cada vez maior de profesorado da especialidade, motivada pola xubilación constante de profesorado dos estudos clásicos nos últimos anos. Por outra parte, tamén o Programa de Doutoramento en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia, que se desenvolve coordinadamente entre as Universidades de Santiago de Compostela e as de Salamanca e Valladolid, e o de Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos, manteñen un ritmo constante de matrícula de graduados e graduadas deste título que acaban acadando o grao de doutor; concretamente no curso 2023-2024 defendéronse dúas as novas teses, unha en cada programa.

O Grao en Filloxía Clásica, xunto cos outros graos da Facultade de Filloxía da USC, estivo inmerso nun novo proceso de renovación da acreditación. **O Informe final de avaliación para a renovación da acreditación foi favorable con data de 28 de novembro de 2023.** Como resultado dese informe elaborouse o **correspondente plan de mellora** encamiñado a superar as deficiencias detectadas, o cal se intentará ir aplicando nos cursos sucesivos e se irá analizando na súa aplicación para comprobar a súa efectividade.

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de materias e de módulos correspóndese co establecido na memoria de verificación do título despois dos axustes na distribución temporal dalgunhas materias aprobados e introducidos no ano 2017.

O desenvolvemento das actividades académicas, das metodoloxías docentes, dos sistemas de avaliación e de cualificación, adáptase ao establecido na memoria de verificación e permite que se acaden debidamente as competencias buscadas. A adecuada distribución de número de estudantes por grupo de clases teóricas, clases de prácticas e titorías (favorecida pola moderada matrícula no Grado) contribúe tamén a poder aplicar adecuadamente todo o antes mencionado.

Baste mencionar que no conxunto total de materiais do Grao no curso 2023-2024 a media de estudantes por grupo foi a seguinte: 52,76 en clases de teoría de materias básicas ou obrigatorias (IN55G), 34,68 en clases de teoría de materias optativas (IN56G), 25,42 en grupos de clases prácticas de todas as materias en xeral (IN32G).

Os únicos aspectos neste sentido que se foron demostrando nos últimos cursos aínda como susceptibles de axuste foron recollidos no antes mencionado último autoinforme de renovación da acreditación do ano 2023 e teñen que ver principalmente con algúns mínimos contidos e a súa distribución nas seguintes materias: Literatura Grega 1, Literatura Grega 2, Literatura Latina 1, Literatura Latina 2, Lingüística Grega 2, Textos Latinos 4, Curso Monográfico de Latín 1, Curso Monográfico de Latín 2, Cursos Monográficos de Estudos Grecolatinos 1, 2, 3. Os desaxustes alí explicados e as modificacións propostas deron xa lugar á elaboración dun **Informe de avaliación de solicitude de modificación non substancial do plan de estudos, o cal conta co informe favorable da correspondente Comisión de Avaliación con data do 9 de abril de 2024.** Esas modificacións serán, polo tanto, aplicadas no curso 2024-2025.

A participación de estudantes do Grao nos programas de mobilidade vén sendo relevante nos últimos cursos: unha media de 2 estudantes por curso participa neses programas, o que equivale ao 10% do alumnado xeralmente matriculado no 3º curso do Grao, que soe ser o curso habitual dedicado á mobilidade. Chama a atención que no curso 2022-2023 se produciu unha cifra excepcional de estudantes en mobilidade: 9 (IN17G). No curso 2023-24 volvimos aos números habituais e os estudantes que participaron en programas de Erasmus+ foron 2.

Convén tamén sinalar que o Grao recibe nas súas materias un importante número de estudantes externos, o que fala de

## Grao en Filoloxía Clásica

prestixio e reciprocidade nas relacións internacionais: nos dous últimos cursos foron recibidos 7 estudantes en cada un, cifras que supoñen o 8% sobre a totalidade de estudantes matriculados no Grao (IN18G).

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como se vén explicando en informes anteriores e de forma especial no informe de renovación da acreditación, o Grao impártese exclusivamente no campus de Santiago de Compostela e conta cun número moderado de alumnos e por iso se considera oportuno dispoñer dunha [única coordinación de titulación](#), que é a responsable principal de supervisar a necesaria coordinación horizontal e vertical entre os distintos cursos e entre todas as materias da titulación, para a correcta aplicación do establecido na memoria do título. Para iso a coordinación do Grao conta coa colaboración de senllas coordinacións das áreas de Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea. Entre todos velan especialmente porque na programación anual das distintas materias se teña en conta a progresiva e complementaria adquisición de competencias, especialmente naquelas materias relacionadas co estudo da lingua, da literatura e da lingüística, e se aborden os autores e épocas máis relevantes da lingua grega e da lingua latina.

A coordinación da titulación supervisa tamén a realización das prácticas externas, que contan para cada estudante cun titor académico entre o profesorado do propio título e cun titor profesional na institución ou empresa correspondente. Para a xestión de todo o relacionado coas prácticas externas a Facultade de Filoloxía conta ademais cunha Comisión específica. No curso 2023-2024 realizaron prácticas 2 alumnos do grao.

Por suposto, a Comisión do Grao é a responsable última de garantir a eficaz aplicación de todos os mecanismos de coordinación encamiñados a conseguir a correcta adquisición por parte dos estudantes de todas as competencias establecidas para o título e a ir analizando todo o proceso de desenvolvemento e das medidas de corrección necesarias.

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

## Grao en Filoloxía Clásica

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas de novo ingreso ofertadas vén sendo nos últimos cursos de 50, o mínimo esixido pola correspondente normativa autonómica. Salvo no caso excepcional do curso 2021-2022, no que probablemente tiveron grande influencia o maior número de aprobados nas probas de acceso por razón do sistema de exame derivado da situación do COVID e tamén o feito de que foron convocadas despois de bastantes anos varias prazas de acceso ao corpo de profesorado de Grego e Latín de secundaria e bacharelato, en ningún outro curso se chegou a alcanzar ese número na matrícula. No curso 2022-2023 ao número de matriculados foi de 24, pero a matrícula experimentou unha baixa moderada no curso 2023-2024, con 19 matriculados (IN04G). Un dos factores que puido influír nesta baixa e a falta de oferta do Bacharelato de Humanidades cada vez máis habitual nos centros e a dificultade para formar grupos de grego naqueles que si o ofertan. Coa idea de fomentar o coñecemento dos nosos estudos entre os estudantes de ensino medio, a Facultade traballou durante o curso 2023-2024 na elaboración dun [Plan de captación de alumnos](#), que foi aprobado na xunta de facultade do 23 do 10 de 2024 e que xa se vén aplicando na actualidade.

Case todos os estudantes que se matriculan no Grao fano por claro interese vocacional polos estudos clásicos, como o demostra o feito de que para 18 dos 19 matriculados nese curso 2023-2024 era a súa primeira opción na correspondente preinscrición (IN10G).

Todos eses estudantes proceden dos estudos de bacharelato e, dado que soen ter suficientemente clara a súa carreira futura, cursan xeralmente a rama de Humanidades coa opción de Grego e Latín, polo cal chegan cun perfil adecuado para iniciar os estudos do Grao en Filoloxía Clásica. Incluso a nota coa que acceden é mostra da súa capacidade para abordar estes estudos con posibilidade de éxito: aínda que poden acceder ao Grao todos os estudantes que o solicitan, dado que non se chega a completar toda a oferta, a nota media de acceso é de 10,80 puntos (IN06G).

A pesar de todo o anterior, estase producindo ultimamente a circunstancia de que chegan ao Grao algúns estudantes que non teñen cursadas todas as posibles materias de Latín de ESO e bacharelato e, sobre todo, todas as posibles materias de Grego, debido a que cada vez con máis frecuencia non se ofrecen algunhas desas materias en todos os centros de ensino de Galicia por falta de alumnado mínimo para constituír grupo específico de acordo coas instrucións das correspondente autoridades educativas. Esa situación provoca que o nivel de dominio nas dúas mencionadas linguas sexa dispar entre os distintos estudantes e que, aínda que nas correspondentes materias de partida no Grao estea contemplado partir dun nivel básico, sexa moi complicado ir establecendo un ritmo de avance na adquisición de coñecementos e competencias apropiado para todos. Na análise do problema e de posibles solucións para el estase estudando a posibilidade de, no marco dunha futura modificación substancial dalgúns aspectos do plan de estudos do Grao, incorporar novas materias básicas de introdución á Lingua Grega e á Lingua Latina, as cales permitan unha máis flexible e fácil nivelación nos primeiros niveis de adquisición desas linguas no currículo do Grao.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As correspondentes normativas xerais da USC e as particulares da Facultade de Filoloxía aplícanse de forma adecuada no Grao e enténdese que contribúen favorablemente á consecución dos resultados buscados. Esas normativas poden ser consultadas en: [USC Estudantes](#) e [Filoloxía Estudantes](#).

No curso 2023-2024 seguiron vixentes todas as normativas básicas do curso anterior. Cómpre destacar que ata finais do o curso 2023-2024 se prolongou o funcionamento do plan estratéxico ponte (2020-2022), pero xa se traballou na elaboración do novo [Plan Estratéxico do Centro 2024-2026](#).

## Grao en Filoloxía Clásica



## Grao en Filoloxía Clásica

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese. Durante o curso 2020-2021 iniciouse un proceso de renovación dese espazo que xa foi explicado en informes anteriores e que supuxo a introdución de modificacións importantes na presentación e nos procedementos de publicación de información na web da USC, e máis especificamente da Facultade de Filoloxía.

Desde a páxina principal da Facultade de Filoloxía (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia>) ofrécese acceso a diversos contidos:

- Catro pestanas na marxe superior dan acceso a información sobre o centro, os estudos ofertados (titulacións de grao e mestrado), a organización académica (calendarios, horarios, Plan de Acción Titorial (PAT, prácticas, mobilidade, TFG, TFM) e calidade (calidade, política de calidade, órganos del SGC, indicadores, enquisas de satisfacción, documentación do SGC).

- Na columna da dereita un enlace conecta ca intranet (de acceso restrinxido para a comunidade universitaria), a biblioteca da Facultade, o protocolo de distribución de información e diversos vídeos informativos sobre a Facultade e sobre os estudos ofrecidos nela.

- Na metade inferior, no primeiro nivel ofrécese acceso ao folleto explicativo sobre as titulacións de grao da facultade, as táboas de validación, adaptación e recoñecementos, o concurso literario Mazarelos e os exames CAPLE. No segundo nivel recóllense noticias e a axenda.

- No nivel seguinte pódense encontrar ligazóns directas aos estudos de grao e mestrado ofrecidos no centro.

- Finalmente ofrécense ligazóns aos distintos grupos de investigación con sede na Facultade de Filoloxía.

A información específica sobre o Grao en Filoloxía Clásica encóntrase na páxina: [Filoloxía Clásica](#). Nela hai apartados sobre os seguintes aspectos: admisión e matrícula, normativa, bolsas e axudas, memoria da titulación, plan de estudos por curso con acceso a información completa sobre cada materia, oferta e admisión, recursos materiais, mobilidade e prácticas, saídas profesionais, traballo de fin de grao, equipo docente, indicadores de Calidade.

Desde o curso 2022-2023 a través do correo electrónico envíase a todos os membros da Facultade un boletín informativo semanal sobre as actividades programadas no Centro.

Continúase tamén difundindo información da Facultade a través doutros medios: redes sociais; paneis informativos como soporte para a información en papel xerada pola propia facultade e por organismos e entidades que queiran dar a coñecer a súas actividades ou servizos de interese para o alumnado e persoal da Facultade de Filoloxía, pantallas informativas en varios puntos do Centro con información sobre novidades na USC e na Facultade, e sobre actividades que poidan resultar de interese para os diversos colectivos; accións de difusión da información entre colectivos externos á Facultade, especialmente estudantes potenciais; sesións informativas para orientar aos estudantes nas distintas fases da súa estancia na Facultade sobre mobilidade, prácticas externas, elección de itinerario, información sobre oferta de mestrados, elaboración do TFG etc.

## Grao en Filoloxía Clásica

A coordinación do título dispón ademais dunha aula virtual específica desde a que se informa a todo o alumnado e o profesorado de forma inmediata de temas do seu interese.

Pódese concluír que a Facultade de Filoloxía proporciona toda a información pública necesaria e a actualiza regularmente para dar cumprimento ás diversas normativas e facilitar o labor dos diversos colectivos implicados na boa marcha das titulacións impartidas. O título compre e da resposta regularmente á demanda de información creada polo Decanato para a súa publicación na web. Proba diso é a información pública do título que pode ser consultada no mencionado enlace a esta titulación.

## Grao en Filoloxía Clásica

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade conta cun Sistema de Garantía de Calidade xa suficientemente asentado que ten como obxectivo garantir a calidade de todas as súas titulacións. Así pois, a política de calidade do Centro e todos os mecanismos dos que dispón para cumprir cos seus obxectivos (véxase a correspondente páxina web: [Filoloxía Calidade](#)) desenvolveron adecuadamente os procedementos para recoller información de forma continuada, analizar os resultados e tomar decisións encamiñadas á progresiva mellora do título.

Ademais das enquisas sobre a satisfacción coa docencia recibida organizadas desde a Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC (ACMP), nas que o Centro trata de fomentar unha cada vez maior participación mediante información e promoción continua, a propia Facultade leva a cabo tres enquisas específicas sobre aspectos que considera especialmente importantes para o mellor desenvolvemento posible dos títulos (poden verse os modelos de enquisa e os resultados en: [Filoloxía Enquisas](#)):

- Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de acceso en primeiro curso do Grao co fin de coñecer a súa orixe xeográfica, os seus intereses académicos, os motivos da súa escolla.

- Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden cada curso o seu TFG sobre a súa satisfacción cos distintos elementos do proceso.

- Análise dos programas de mobilidade: enquisas de satisfacción con todas a súas experiencias a estudantes entrantes e saíntes.

A Facultade conta ademais na parte intranet da súa páxina web cunha sección específica para a xestión de queixas e suxestións sobre calquera aspecto por parte de calquera membro do centro.

#### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

## Grao en Filoloxía Clásica

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión Académica do Grao e a Comisión de Calidade do Centro, coa colaboración importante do Comité Consultivo do Centro, xestionan que nos informes correspondentes queden debidamente recollidos os resultados das análises do desenvolvemento do título e as accións propostas para a continua mellora do título.

Son ademais as encargadas de facer o seguimento de todas accións de mellora establecidas, nas que por suposto son tidas en conta todas as recomendacións derivadas dos informes de seguimento e de renovación da acreditación, co obxectivo de que resulten realmente eficaces na consecución dos obxectivos buscados.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

SGC do Centro está continuamente sometido a análise e revisión dos aspectos que se revelan necesarios, e búscase a participación nos seus procesos de todos o grupos de interese, tal como se pode comprobar na páxina web de calidade da Facultade indicada no apartado 3.1.

Froito desa necesaria actualización foi a última revisión do Manual de Procesos da Facultade de Filoloxía e do [Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía](#), revisión aprobada pola Comisión de Calidade ó 23/10/2024.

Durante o curso 2023-2024 aplicouse o [Protocolo de Coordinación dos Graos da Facultade de Filoloxía](#), aprobado polas correspondentes Comisións Académicas o 23/09/2022, no cal se recollen de forma clara e precisa as funcións e os deberes das comisións e dos seus membros para o mellor cumprimento posible das súas funcións.

## Grao en Filoloxía Clásica

### DIMENSIÓN 2. RECURSOS

#### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa no Grao conta cun acreditado alto nivel de cualificación tanto pola súa experiencia docente como pola investigadora, acorde coas previsións incluídas na memoria do título e adecuado para impartición do plan de estudos. No curso 2023-2024 o 85% do PDI implicado de forma xeral no Grao é doutor e o 66 % é funcionario (93 e 72 sobre 109 profesores, incluíndo profesorado en formación; IN25G e IN26G);

ademais a porcentaxe de PDI que conta con sexenios de investigación estando en posibilidade de telos é dun 89% (77 sobre 86) no curso 2023-2024 (IN24G). Apréciase, por tanto, unha lixeira baixa en relación co curso 2022-2023, no que se alcanzaba un 92% (81 sobre 88). A razón pode estar na incorporación de PDI novo para substituír as xubilacións.

Atendendo exclusivamente ao profesorado máis directamente implicado no Grao, isto é, ao profesorado das áreas de Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea, cómpre destacar que, salvo unha profesora contratada doutora e un profesor axudante doutor, que conta xa coa acreditación a profesor titular, todo ese profesorado é PDI funcionario cunha longa experiencia e cun recoñecido importante número de sexenios de investigación e de quinquenios de actividade docente. Isto favorece que se poida asignar a cada materia específica de clásicas profesorado especializado, e principalmente ás materias de primeiro curso, nas que imparte profesorado bo coñecedor de todas as metodoloxías docentes máis efectivas na aprendizaxe das linguas clásicas grazas, entre outras cousas, á súa experiencia nas materias de didáctica no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Tamén todo o profesorado participa na dirección de traballos fin de grao cunha ampla e variada oferta de liñas temáticas.

A USC conta cun importante e activo plan de formación do seu PDI ([USC Formación](#)) encamiñado a ir mellorando e actualizando as competencias docentes e investigadoras do profesorado e nese plan participan habitualmente moitos dos profesores e profesoras do título cun alto grao de satisfacción nos seus resultados.

O profesorado participa tamén noutras actividades de formación organizadas por distintas instancias, sinaladamente os cursos de formación de profesorado sobre metodoloxías docentes activas das linguas clásicas organizadas anualmente pola Sección de Galicia da Sociedade Española de Estudos Clásicos (<https://seecgalicia.org/>).

## Grao en Filoloxía Clásica

O Profesorado do Grao participa tamén habitualmente en programas de mobilidade.

Quizais a principal preocupación actual relativa ao PDI ten que ver coa excesiva redución de profesorado específico de Filoloxía Clásica, co seu nivel de envellecemento e coa falta de relevo natural. A pesar das numerosas xubilacións producidas nos últimos anos, non houbo ningunha nova contratación en Filoloxía Grega e exclusivamente unha nova praza de profesor axudante doutor en Filoloxía Latina. Iso deu como resultado que soamente se conte actualmente con 4 profesores de Filoloxía Grega, 6 de Filoloxía Latina e 1 de Lingüística Indoeuropea, aproximadamente a metade de profesorado do que se dispoñía hai 10 anos, para atender todas as materias específicas do título, e que a media de idade sexa de máis de 60 anos. O feito de acabar sendo áreas cun número de profesorado tan pequeno acaba provocando especiais dificultades de organización docente en momentos de baixa dalgún profesor ou profesora, que son cada vez máis frecuentes por razóns de idade.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e investigador e ao estudantado de tódalas titulacións oficiais de grao, master e doutoramento que se ofrecen no centro.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e a formación recibida conta coa satisfacción xeral do persoal correspondente. O persoal de apoio no curso 2023-2024 é o seguinte:

Rama	Posto	Nª	Relación contractual	Categoría
Administración	Responsable sa Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de asuntos económicos	1	Funcionario	C1
	Secretaría del Decanato	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	4	Funcionario	C1
	Postos base	2	Funcionario	C2
Servizos	Responsable do Punto de atención, información e servizos	1	Laboral	Grupo 4
	Axudante técnico de servizos	3	Laboral	Grupo 4

- O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como alumnos.

- O persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta suficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a

## Grao en Filoloxía Clásica

Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación.

- Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento.

- Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido.

- A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos e a formación recibida conta coa satisfacción xeral dos receptores.

O persoal de biblioteca no curso 2023-2024 é o seguinte:

Rama	Posto	Nº	Relación contractual	Grupo/categoría
Biblioteca	Dirección	1	Funcionario	A1/A2/C1
	Axudantes	3	Funcionario	A2/C1
	Auxiliares	6	Funcionario	C1

## Grao en Filoloxía Clásica

### **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

#### **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal como se pode comprobar na páxina web correspondente ([equipamentos](#)), a Facultade de Filoloxía conta cos recursos materiais, infraestruturas e servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades asociadas ao título. Os espazos dispoñibles son suficientes e adecuados e están convenientemente dotados e acondicionados para a realización dos labores asociados ao proceso de ensino-aprendizaxe: aulas, seminarios, laboratorios de idioma, aulas de informática, salas de videoconferencia, salas de traballo, salas de reunións, Salón de Graos e Salón de Actos, sala para profesorado emérito e para doutorandos, espazos para exposicións temporais.

Continuamente véñense realizando actuacións necesarias de mantemento, renovación e mellora, e no curso 2023-2024 estas foron algunhas das máis salientables: compra de 2 monitores de 75" e catro cámaras, modificación das instalacións



## Grao en Filoloxía Clásica

eléctricas nos seminarios, na sala de revistas da biblioteca, e noutras espazos da facultade, compra de mobiliario para salas e biblioteca, tapizado de 74 cadeiras, creación dunha porta nova de acceso directo á biblioteca desde o exterior, etc.

Para o Grao en Filoloxía Clásica, ao igual que para todos os graos da Facultade de Filoloxía, a Biblioteca do Centro (como parte importante da Biblioteca da USC) é un servizo fundamental de apoio ás actividades docentes e investigadoras grazas aos seus numerosos fondos bibliográficos constantemente incrementados:

no ano 2024 superan os 211.000 volumes de monografías e os 2.600 volumes de publicacións periódicas, e inclúen ademais varias e importantes bases de datos dixitais (por exemplo relativas aos estudos clásicos: Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae ou Thesaurus Linguae Latinae). A Biblioteca conta con un fondo básico, denominado "frecuente", destinado principalmente ao uso dos estudantes para atender ás bibliografías básicas recomendadas nos distintos programas das materias. Os servizos da Biblioteca revisan en cada momento da súa publicación os programas das materias e proceden á xestión de compra dos volumes necesarios de todas as obras recomendadas nas correspondentes bibliografías aínda non presentes no fondo. Esa colección inclúe máis de 14.300 exemplares. A Biblioteca ofrece ademais cursos de formación aos estudantes sobre competencias informacionais. Nas enquisas realizadas pola propia Biblioteca a finais do curso 2023-2024 sobre o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos e servizos ofrecidos os resultados máis destacados foron os seguinte:

- O 81% manifesta un grao de satisfacción entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade suficiente de exemplares das bibliografías básicas recomendadas nos programas das materias.

- O 93% considera que os recursos de información bibliográfica ofrecidos están actualizados e resultan moi útiles.

- O 93% expresa un grao de satisfacción xeral entre 7 e 10 (sobre 10) cos servizos ofrecidos pola Biblioteca.

Non se debe deixar de mencionar unha vez máis que o Campus Virtual e a plataforma Microsoft Teams propios da USC seguen sendo ferramentas moi útiles e moi utilizadas para as actividades de ensino e aprendizaxe do título.

Os diversos servizos de orientación e atención ao estudantado dispostos pola USC facilitan o acceso a todo tipo de información necesaria:

- A Oficina de Información Universitaria ([OiU](#)) ofrece información e asesoramento xeral sobre acceso, bolsas e axudas, calendarios, xestións académicas etc.

- O Servizo de Xestión Académica ([SXA](#)) é o encargado de todas as tarefas relacionadas con procedementos administrativos.

- O Servizo de Relacións Internacionais ([SRI](#)) xestiona programas de mobilidade.

- A Área de Orientación Laboral ([AOL](#)) informa sobre todo o relacionado co emprego.

- O Servizo de Participación e Inclusión Universitaria ([SEPIU](#)) ofrece información sobre participación social e voluntariado e sobre apoio a estudantado con necesidades específicas.

Pola súa parte a propia Facultade de Filoloxía xestiona as principais actuacións dirixidas a proporcionar ao alumnado o máximo asesoramento e orientación posibles en todas as súas sucesivas etapas na Universidade a través do seu Plan de Acción Titorial ([PAT](#)). Estas actuacións organizanse en tres ámbitos principais: orientación a futuro estudantado dentro do denominado programa A ponte entre o ensino medio e a USC ([A Ponte](#)), orientación inicial ao estudantado de grao e máster, orientación continua, orientación profesional.

A Comisión de Prácticas Externas da Facultade vela por que as instalacións dos centros onde se realizan as prácticas externas que se van poñendo en marcha no Grao sexan adecuadas para a adquisición das competencias correspondentes.

## Grao en Filoloxía Clásica

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O desenvolvemento das distintas actividades de ensino-aprendizaxe contribúe sen dúbida á adquisición das competencias previstas no título e facilita que os resultados da aprendizaxe alcanzados cumpran os obxectivos do programa formativo e se adecúen ao nivel MECES. Un bo indicador diso son os resultados dos traballos fin de grao, nos que os estudantes poñen finalmente de manifesto o nivel desas competencias adquiridas. Nos 12 TFGs defendidos no curso 2023-2024 obsérvase a variedade de temas escollidos e de metodoloxías de análise aplicadas e queda patente o alto nivel de éxito alcanzado: 1 Matrícula de Honra, 4 Sobresalientes, 6 Notables e 1 aprobado.

Os propios estudantes manifestan sentirse satisfeitos coas competencias adquiridas ao longo do título e con que esas competencias lles permiten abordar con éxito a realización final do TFG.

Os estudantes acaban o Grao cunha boa formación global no ámbito dos estudos clásicos e capacitados para abordar satisfactoriamente os estudos de calquera dos Másteres profesionalizantes ou do ámbito das humanidades en xeral e dos estudos clásicos en particular, sinaladamente o Máster de Formación de Profesorado ou os Másteres ofertados na propia Facultade de Filoloxía da USC que soen acoller a varios dos egresados do título, como: o Máster en Estudos Medievais Europeos, o Máster en Lingüística Aplicada ou o Máster en Estudos da Literatura e de la Cultura, pero tamén algún máis específico como o Máster en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia, impartido na Universidade de Salamanca e co que colabora a sección de Filoloxía Clásica da USC.

A Facultade de Filoloxía no curso académico 2023-2024, como paso último no proceso sucesivo de mellora dos seus Grados despois de 15 anos da súa primeira implantación, considerou oportuno poñer en marcha proceso de revisión e renovación dos respectivos plans de estudos, para corrixir algúns aspectos substanciais e non substanciais relativos a estrutura e contidos que se veñen amosando máis débiles e necesitados de actualización e mellora. O primeiro paso foi crear grupo de traballo para tal fin conformado polos coordinadores dos Graos e das Áreas de Coñecemento e por representantes dos estudantes. Os debates levaron unha serie de modificacións, aprobadas na Comisión de calidade da Facultade de Filoloxía o 23 de outubro de 2024. As que afectan máis directamente ao Grao en Filoloxía Clásica son as seguintes:

Substanciais:

- Redución dos créditos do TFG, que pasa de 12 a 6
- Creación da nova materia Textos Grecolatinos no 8º cuatrimestre, que compensa os 6 créditos liberados do TFG

## Grao en Filoloxía Clásica

Non substanciais:

- Cambio de cuatrimestre das materias Textos latinos 5 e Lingüística latina 2 como consecuencia da modificación substancial
- Cambio de distribución das actividades formativas de todas as materias do módulo do Maior do Grao en Filoloxía clásica: pasar de 32 horas CLE e 16 CLIS a 16 CLE e 32 CLIS.

## Grao en Filoloxía Clásica

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O número de prazas de novo ingreso ofertadas para o Grao é 50 (IN01G), de acordo co Decreto 222/2011 da Xunta de Galicia que impón ese número como mínimo para calquera título de Grao. O número real de estudantes matriculado no curso 2023-2024 foi de 19 (IN03G), un número moderadamente inferior á media estable de todos o cursos nos que se leva impartindo o título e que se vén manifestando satisfactorio para cubrir a demanda de titulados no ámbito singular da Filoloxía Clásica na Comunidade de Galicia. Como xa queda dito no apartado 1.4, case todos os estudantes que se matriculan no Grao fano por claro interese vocacional polos estudos clásicos, como o demostra o feito de que para 18 dos 19 matriculados era a súa primeira opción na correspondente preinscrición (IN10G), como vén ocorrendo en todos os cursos anteriores. A matrícula global do Grao neste curso ascende a 84 estudantes (IN02G) e a maior parte do alumnado é, como soe ser habitual, de orixe galega; non falta sempre, sen embargo, algún estudante de fóra da Comunidade de Galicia: 2 estudantes teñen a súa orixe noutra parte de España (IN09G) e 1 estudante é de orixe estranxeira (IN08G).

A taxa de avaliación (IN36G), relación porcentual entre os créditos presentados e os matriculados, no curso 2023-2024 foi 86,61, moi aceptable e superior á de cursos anteriores. A taxa de rendemento ou porcentaxe de créditos ordinarios aprobados en relación aos créditos matriculados (IN34G) está tamén nun nivel que se pode considerar bo : 72,14, supoñendo unha subida notable con respecto aos cursos anteriores (2022-2023, 68,4 e 2021-2022, 61,77). Resulta máis importante a taxa de éxito, isto é, a porcentaxe de créditos superados polo alumnado en relación aos créditos realmente presentados (IN35G), a cal foi de 83,29, co que se consolida o incremento que xa se apreciara no curso anterior (2022-2023: 81,59; 2021-2022: 77,72).

É tamén notable a taxa de éxito dos egresados ou, o que é o mesmo, o número total de créditos superados polos egresados respecto ao total de créditos presentados (IN50G): 96,91.

A taxa de graduación (IN37G), relación porcentual entres os estudantes que remataron no ano previsto no plan académico ou nun ano máis, foi 21,21.

Como xa se vén sinalando en anteriores informes, nos resultados desa taxa inflúen os resultados da taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) e tamén a taxa de abandono de acordo co RD 1393/2007 (alumnos que debían obter o título no ano académico anterior ao 2022-2023 e que non se matricularon neste curso académico nin no anterior, IN41G). Esas taxas de abandono, sobre todo a primeira, sufriran unha importante subida nos cursos 2019-2020 e 2020-2021, en parte motivado polo aumento de número de alumnos que eses cursos accederon ao Grao sen ser a súa primeira opción, feito que se veu xustificando por haber máis número de estudantes aprobados nas PAU e por ser o Grao en Filoloxía Clásica o único da Facultade de Filoloxía con prazas dispoñibles; algúns deses estudantes utilizaron esa declarada forma de acceso para logo cambiarse a outro título. Pasados eses cursos excepcionais, a taxa IN40G

## Grao en Filloxía Clásica

moderouse notablemente ata o 34,69% no curso 2022-2023 e a taxa IN41G segue sendo aínda alta, pero moderouse tamén de forma destacada ata o 53,85% nese mesmo curso. En contra do esperado unha vez pasados os efectos negativos comentados, ambas taxas non volveron aos resultados medios anteriores (25% e 40% respectivamente). A taxa ING40G está muy próxima ao do curso anterior, cun 34,62, mentres que a taxa IN41G subiu ata un 60,61. A duración media dos estudos (IN38G) mantense estable ao longo dos últimos cursos en 4,5 anos, o cal é un dato razoable, tendo en conta todos os factores antes comentados.

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) continúa sendo positiva no curso 2023-2024 (3,88 sobre 5,0). O principal problema neste aspecto segue sendo a baixa taxa de resposta ás enquisas, a pesar dos continuos esforzos por parte do Decanato, da Coordinación do título e do profesorado en xeral por fomentar a participación do alumnado nesas enquisas. Como acción de mellora do autoinforme de renovación da acreditación pasado propúxose continuar co fomento desa participación por todos os medios posibles, facilitando incluso momentos de realización de enquisas nas aulas e a Coordinadora da titulación ocupouse de visitar todos os cursos para explicar a importancia das súas respostas para poder mellorar o Grao e buscando facilitar a realización das enquisas.

Os datos sobre a satisfacción dos egresados coa titulación (IN42G) para o curso 2023-2024, é de 2,71, o que supón unha lixeira mellora en relación coa do curso anterior 2022-2023, que era dun 2,67. Tampouco se conta con datos para este curso relativos á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G) e ao grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G); non obstante ós últimos datos dispoñibles eran bastante positivos: 3,78 e 4,50 respectivamente.

Tamén é moi positiva a satisfacción xeral do profesorado coa docencia impartida (IN47G) durante os últimos cursos; no 2023-2024 alcanza un 4,24 (sobre 5,0).

Non contamos con datos de satisfacción do alumnado coas prácticas externas (IN19G) para o curso 2023-2024, pero alcanza o nivel máis alto posible, un 5, nos dous cursos dos que temos datos: 2020-2021 e 2022-2023.

Non contamos con datos da satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade saínte para o curso 2023-2024. Os datos anteriores eran dun 4,51 para o curso 2020-2021 e 3,60 no 2022-2023 (IN15G); é evidente que a valoración xeral é satisfactoria, pero que cada experiencia puntual nun destino pode condicionar as valoracións e que sempre se toman en consideración as posibles dificultades que se poidan encontrar en cada caso concreto para intentar darlles unha solución. Nas enquisas propias da Facultade os estudantes de mobilidade de toda a Facultade manifestan en xeral unha gran satisfacción coa experiencia e que esta lles resulta moi positiva tanto para o seu desenvolvemento persoal como académico e laboral.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

## Grao en Filoloxía Clásica

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No cuestionario para todos os estudantes de novo ingreso no curso 2023-2024 a razón maioritaria que deron os alumnos para cursar estudos filolóxicos foi a do seu interese polo coñecemento lingüístico e literario. Nesa enquisa a pregunta sobre a actividade laboral que gustaría ser realizada, a resposta maioritaria é a de docencia nos distintos niveis de ensino, seguida do traballo de tradución. No curso 2022-2023 dende o Decanato creáronse as reunións "Camiños da Filoloxía. Encontros con egresad@s" para permitir ao alumnado de Filoloxía coñecer outras opcións de emprego diferentes ás máis habituais nestes estudos. A ampliación dos convenios para realizar prácticas externas axuda a que os estudantado se achegue a todas esas distintas posibilidades do mundo laboral para estudantes dos Graos de Filoloxía.

Sobre a inserción laboral en concreto dos egresados en Filoloxía Clásica é difícil ofrecer datos específicos, dado que non se dispón de análises continuadas e estatísticas ao efecto por parte do Centro, a Universidade ou a ACSUG. En todo caso, nas últimas noticias difundidas desde a ACSUG sobre este aspecto (cf. [ACSUG](#)), correspondentes ao curso 2013-2014, facíase destacar que os egresados de Filoloxía Clásica eran no sistema universitario de Galicia uns dos que alcanzaban un maior nivel de inserción laboral e incluso cun nivel económico máis elevado, xeralmente despois de completar a súa formación (no caso do ensino como funcionario, obrigatoria) con algún Máster posterior. O moderado número de graduados por ano facilita que o emprego sexa case total grazas ás prazas específicas de profesorado de Latín e Grego que nos últimos anos se veñen convocando na Comunidade Autónoma de Galicia e noutras Comunidades de España e grazas, por suposto, a outras actividades nas que tamén se empregan egresados de Filoloxía Clásica (editoriais, novas tecnoloxías, medios de comunicación, actividades turísticas etc.). Unha bo indicio da case ausencia de desemprego é a dificultade que está habendo nestes dous últimos anos para que en moitas Comunidades de España se poida contar con candidatos para cubrir prazas de substitución de profesorado de Grego e de Latín en secundaria e bacharelato.

## Grao en Filoloxía Clásica

<b>3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</b>	
<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>

## Grao en Filoloxía Clásica

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">URL do título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">Enlace web ou PDF</a>
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501096_P.Ind_2023-2024
			2501096_INF.16_2023-2024
			2501096_INF.CiUG_2023-2024
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2501096_I2_2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501096_P.Ind_2023-2024
			5040_INF.03_2023-2024
2	E9		<a href="#">URL da USC</a>



## Grao en Filoloxía Clásica

		Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">URL do Centro</a>
			<a href="#">URL do título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">URL do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">URL do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">URL do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501096_P.Ind_2023-2024
			2501096_INF.04_2023-2024
			5040_INF.05_2023-2024
			2501096_INF.06_2023-2024
			2501096_INF.07_2023-2024
			2501096_INF.08_2023-2024
			2501096_INF.09_2023-2024
			5040_INF.10_2023-2024
			5040_INF.11_2023-2024
			2501096_INF.13_2023-2024
			2501096_INF.14_2023-2024
			5040_INF.21_2023-2024
2501096_INF.22_2023-2024			

## Grao en Filoloxía Clásica

			2501096_INF.23_2023-2024
			2501096_Informe_de_indicadores_2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501096_P.Ind_2023-2024
			2501096_Informe_de_indicadores_2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501096_E15_2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2501096_INF.13_2023-2024
			2501096_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">URL do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">URL do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="#">Prácticas</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="#">Prácticas</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus virtual</a>

## Grao en Filoloxía Clásica

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	<a href="#">TFG</a>
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501096_INF.15_2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501096_P.Ind_2023-2024
			2501096_INF.17_2023-2024
			2501096_INF.18_2023-2024
			2501096_INF.19_2023-2024
			2501096_INF_SIIU_2023-2024
			2501096_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501096_P.Ind_2023-2024
			2501096_INF.CiUG_2023-2024
			2501096_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501096_EIL-SIIU_2023-2024 2501096_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501096_P.Ind_2023-2024 2501096_Informe_de_indicadores_2023-2024 2501096_MedUSC_cursocelda

\*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).

**AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

Grao en Filoloxía Clásica

# Grao en Filoloxía Clásica

- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2024-2025
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [GFC-01](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
      - [GFC-02](#)
      - [GFC-03](#)
    - Outros Criterios

## Grao en Filoloxía Clásica

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFC-01 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aínda que a valoración xeral do grao, en canto a planificación e desenvolvemento de materias e contidos é satisfactorio, cómpre facer un seguimento máis estreito para detectar os posibles problemas e desaxustes desde o primeiro momento e non polos indicadores das enquisas finais.
Definición/ descrición proposta	Convocarase unha reunión a principio de curso con todo o estudiantado do Grao en Filoloxía Clásica. Esa reunión será informativa, pero tamén se eleixirá un representante do alumnado por curso. A súa función será a de recoller as demandas e suxestións dos alumnos do curso e transmitilas. Os representantes reuniranse coa coordinadora do grao a finais de setembro para establecer un plan de seguimento que será revisado en reunións periódicas.
Datas	Finalización: 24/07/2026 ; Inicio: 15/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--

## Grao en Filoloxía Clásica

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFC-02 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Aínda que para a maior parte dos alumnos de novo ingreso o Grao en Filoloxía Clásica era a súa primeira opción, hai unha taxa de abandono bastante alta, debido á dificultade das dúas linguas clásicas e a ao feito de que algúns estudantes non puideron cursar todos os cursos de latín e grego nos IES por non haber número suficiente para facer grupo.
Definición/ descripción proposta	Formar un equipo de estudantes de 3º e 4º curso para axudar a aqueles que teñan máis dificultades.
Datas	Finalización: 30/06/2026 ; Inicio: 15/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--

## Grao en Filoloxía Clásica

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFC-03 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Non hai demanda suficiente para cubrir as 50 prazas ofertadas.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a información do Grao de Filoloxía Clásica entre os estudantes de bacharelato.
Datas	Finalización: 24/07/2026 ; Inicio: 20/06/2025
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
Tarefa 1	GFC-03.01
Descrición tarefa	Visitas aos centros de ensino medio para desenvolver actividades de divulgación dos estudos de grao
Data prevista de finalización	19/06/2026
Responsable	--
Estado	Activa
Tarefa 2	GFC-03.02



## Grao en Filoloxía Clásica

Descrición tarefa	Xornada de divulgación do Grao na Facultade de Filoloxía, con actividades para alumnos de ensino medio.
Data prevista de finalización	21/01/2026
Responsable	--
Estado	Activa